



## CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLIES 2ª CATEGORIA 2015

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino  
32001 OURENSE



PREMIO M.G.D. A LA PREVENCIÓN DE  
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



DEPORTE  
GALEGO



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

# REGULAMENTO PARTICULAR

## PROBA: II RALLY DE REGULARIDADE SAN TELMO

MUNICIPIO BASE: TUI | PROVINCIA: PONTEVEDRA

Data: 26 de Setembro de 2015



 FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO	
24 AGO. 2015	
ENTRADA N.º 741	SAIDA N.º

## INDICE

<b>1 Programa Horario</b>	3
<b>2 Organización:</b>	4
Definición	4
Secretaría do Comité da Organización	4
<b>3 Modalidades Xerais</b>	4
Puntuabilidade	4
Descrición	4
Vehículos Admitidos	4
Solicitud de inscrición - inscricións	5
Dereitos de inscrición - seguro	5
<b>4 Desenrolo da proba</b>	5
Hora Oficial do Rally	5
Penalizacións	6
Cronometraxe	7
Clasificación final	7
Premios e trofeos	7
Folla para cumprimentar inscrición	8

## REGULAMENTO PARTICULAR

**2º RALLY DE REGULARIDADE SAN TELMO**Organiza: **Escudería Dona Urraca****1. Programa.**

<b>Programa – Horario</b>	<b>Día</b>	<b>Horario</b>	<b>Lugar</b>
Apertura Inscripcións	31-8-2015	10:00	Escudería Dona Urraca
Peche Inscripcións	21-9-2015	20:00	Lugar Cota de Gallo , 40 Tui
Publicación Lista de Inscritos	23-9-2015	22:00	<a href="http://www.escuderiadonaurraca.com">www.escuderiadonaurraca.com</a> Telf: 636 89 54 59 - 650 03 38 61 Fax: 986 20 57 16
Verificacións Administrativas	26-9-2015	13:00 a 15:00	Parking adoquinado interior Fortaleza de Valença
Verificacións Técnicas			
Lista vehículos autorizados a tomar a saída	26-9-2015	16:00	Parking Área Panorámica de Tui (Rúa Compostela)
Saída 1º participante a 1ª Sección		17:00	
Chegada 1º participante fin da 1ª Sección		18:10	Velódromo Municipal de Porriño
Saída 1º participante á 2ª Sección		18:30	
Chegada 1º Participante fin da 2ª Sección, fin do rally		21:09	Restaurante Rocamar (Baiona)
Publicación resultados		23:30	
Entrega de premios		23:50	

## 2. Organización.

### Artigo 1. Organización.

#### 1.1.- Definición:

A Escudería Dona Urraca organiza o **2º Rally de Regularidade San Telmo** que se desenrolará o día 26 de Setembro de 2015.

Este rallye de Regularidade disputárase de acordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2015, ás prescricións comúns para rallyes de regularidade, e o regulamento de rallyes de segunda categoría da F.G.A. e o presente regulamento particular da proba.

Este regulamento foi aprobado pola Federación Galega de Automobilismo o día **24/8/2015**. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA-047-ReC**.

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

**Escudería Dona Urraca**

Lugar Cota de Gallo, 40

36713 Tui - Pontevedra

**Tel: 636 89 54 59 ó 650 03 38 61**

Fax: 986 20 57 16

[escuderiadonaurraca@gmail.com](mailto:escuderiadonaurraca@gmail.com)

#### 1.2. Oficiais:

Presidente Escudería:

D. Marcos González Romero

GA-1136-OA

Director de Carreira:

D. Fernando Fernández Fernández

GA-1523-OA1

Xefe Seguridade Vial:

D. Marcos González Romero

GA-1136-OA

## 3. Modalidades Xerais.

### Artigo 2. Puntuabilidade.

O II Rally de Regularidade San Telmo é puntuable para o Campionato Galego de Rallies de 2ª categoría, (solo para os pilotos e acompañantes con licenza en curso expedida pola F.G.A.)

### Artigo 3. Descrición.

O II Rally de Regularidade San Telmo consiste nun recorrido de 147'00 km totais, dos cales **91'67 km corresponden a treitos cronometrados de regularidade** e 55'33 de enlaces, por estradas asfaltadas abertas ó tráfico, está dividido nunha etapa e dúas seccións.

No Libro de Ruta constan detallados os recorridos, etapas e seccións así como as neutralizacións e parques pechados.

#### Artigo 4. Vehículos admitidos.

Serán admitidos todos os vehículos que cumpran as normativas vixentes para a súa circulación polas vías públicas. Antes do inicio da proba, a organización efectuará un control administrativo dos vehículos, no que se esixirá **permiso de circulación, ITV e seguro obrigatorio, TODOS EN VIGOR**, e as medidas de seguridade obrigatorias (peto e os triángulos), así como o permiso de condución do piloto. Solo ós participantes no campionato de rallyes de 2ª categoría da F.G.A., se lles comprobarán as licencias.

#### Artigo 5. Solicitud de inscrición.

5.1.- Toda persoa que desexe participar no 2º Rally de Regularidade San Telmo deberá remitir a solicitude de inscrición, debidamente cuberta, á secretaría do organizador por Fax ou por e-mail **antes das 20:00 horas do Luns 21 de Setembro de 2015.**

\*Os datos relativos ó acompañante poden ser completados ata o momento das verificacións administrativas.

5.2.- O número de inscritos fíxanse nun máximo de 90 vehículos.

5.3.- O pago en metálico, dos dereitos de inscrición poderán ser realizados na secretaría da proba ou na entidade bancaria:

**Banco Santander IBAN: ES 35 0049 0081 38 2090286024**

**Antes das 20:00 horas do Luns 21 de Setembro de 2015.**

**ATENCIÓN!** > *Rogamos que se especifique "Inscrición + (nome e apelido do piloto)" no concepto.*

**E os alimentos no momento de facer as verificacións administrativas**

#### Artigo 6. Dereitos de Inscrición - Seguros.

6.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

Por Equipo: 70 € + 5 kg de alimentos (non precedeiros nun prazo mínimo de 30 días) que serán doados ós bancos de alimentos **SOS Tomiño Baixo Miño e Loja Social de Valença.**

**Os Equipos constarán de un condutor e un acompañante, estando prohibido o transporte de calquera outra persoa.**

6.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición (pago cuota).

6.3.- Os dereitos de inscrición inclúen:

- a) O seguro a través da F.G.A. ca compañía AIG EUROPE.
- b) Unha cea para ambos membros do equipo.
- c) Un roadbook (rutómetro) e os dorsais.

#### 4. Desenrolo da proba.

##### Artigo 7. Hora oficial do Rally.

Durante o transcurso do Rally, a hora oficial será a emitida polo reloxo solar da F.G.A.

##### Artigo 8. Penalizacións.

O recorrido será secreto ata a saída da proba, momento en que se entregará o roadbook, estando terminantemente prohibido calquera tipo de recoñecemento do percorrido baixo pena de exclusión.

Dito percorrido deberá ser cuberto na súa totalidade, nos tempos determinados pola organización e con unha velocidade media sempre inferior a 50 km/hora. Ó seu paso polas poboacións, os equipos deben respetar absolutamente a Lei de Circulación, seu incumprimento sancionárase con pena de exclusión inmediata.

Os controis secretos non estarán nunca situados:

- a) No 1 km seguinte á saída de ningunha poboación.
- b) No 1 Km seguinte a un STOP.
- c) 150 metros antes dun cruce con STOP.
- d) No 1 km seguinte á saída do treito de regularidade.
- e) Nos 500 metros seguintes a un cambio de media

Isto é para permitir que os equipos recuperen a media respetando en todo momento a Lei de Circulación. O intervalo entre cada equipo será de 1 minuto. Os controis secretos situados nos treitos de regularidade tomarán os tempos ó segundo, sendo as penalizacións de un (1) punto por cada segundo de diferenza coa hora teórica de paso (tanto por adianto como por retraso).

Está prohibido facer peóns, en calquera dos parques de proba, baixo pena de exclusión

Un equipo que non pase por un control secreto poderá seguir en carreira, cunha penalización de 600 puntos por cada control secreto omitido.

Nos vehículos preparados para participar en probas de regularidade clásicas (vehículos clásicos anteriores ó ano 1990), con aparatos de medida distintos dos orixinais, (admítense os equipos de medida que teñen montados), pero terán unha penalización en función do tipo de aparato e por cada un dos controis, os cales serán:

- Sen aparato externo (solo cos propios do vehículo).  
*Cero (0) puntos de penalización por control.*

*Para os vehículos que os leven de serie (menos de 25 anos) un (1) punto por control si ten avisador de velocidade alcanzada ou limitador.  
Dous (2) puntos por control si ten regulador de velocidade.*

- Con aparatos electromecánicos ou mecánicos (retrotrip I y II).  
*Solo se admite 1 por vehículo. Un (1) punto de penalización por control.*

- Con aparatos dixitais.  
Solo se admiten dous por vehículo.  
*a.- De bicicleta ou similares con visor de pantalla pequena.  
Dous (2) puntos de penalización por control.*  
*b.- Terratrip ou similares con visor de pantalla grande.  
Tres (3) puntos de penalización por control.*

#### Artigo 9. Cronometraxe.

Solo se autorizará o uso nos vehículos, de seus propios medidores orixinais e excepcionalmente dos suplementarios regulamentados, como mecánicos ou electromecánicos, prohibíndose, baixo pena de exclusión, as axendas electrónicas, ordenadores portátiles, ou táboas electrónicas.

#### Artigo 10. Clasificación final.

Será gañador quen posúa, previo cómputo final, menos penalizacións acumuladas polo paso dos diferentes controis secretos, controis horarios e penalizacións. En caso de existir algún empate, tomarase como primeira referencia o vehículo que teña máis ceros nos controis, e de persistir o empate, o que teña menos penalización no primeiro control e así sucesivamente.

#### Artigo 11. Premios e Trofeos.

Esta proba non ten premios en metálico.

Os Trofeos que se entregarán serán os seguintes:

- Os tres primeiros clasificados da clasificación xeral scratch.
- O primeiro equipo clasificado, inscrito no campionato de rallies de 2ª categoría da F.G.A. (con licencias ambos membros).
- O primeiro equipo clasificado con vehículo anterior ó ano 1990.
- O primeiro equipo clasificado Masculino (equipo composto por dous homes).
- O primeiro equipo clasificado Feminino (equipo composto por dúas mulleres).
- O primeiro equipo clasificado Mixto (equipo composto por un home e unha muller).
- O primeiro clasificado da Escudería Dona Urraca.

Entidade: Escudería Dona Urraca  
C.I.F.: G-94085008



Lugar Cota de Gallo, 40 - 36713 Tui - Pontevedra  
Telf.: 636 89 54 59 Fax: 986 20 57 16  
Web: [www.escuderiadonaurraca.com](http://www.escuderiadonaurraca.com) e-mail: [escuderiadonaurraca@gmail.com](mailto:escuderiadonaurraca@gmail.com)



## FOLLA INSCRIPCIÓN

# 2º RALLYE REGULARIDADE SAN TELMO

### ESCUDERÍA DONA URRACA

Telfs: 636 89 54 59 – 650 03 38 61

Fax: 986 20 57 16

E-mail: [escuderiadonauraca@gmail.com](mailto:escuderiadonauraca@gmail.com)

Web: [www.escuderiadonauraca.com](http://www.escuderiadonauraca.com)



Cesilla para o organizador,  
deixar en branco

Escudería concursante: \_\_\_\_\_

### Datos PILOTO

NOME	1º APELLIDO	2º APELLIDO
DNI ou número de identificación	ENDERESO	PAIS
Endereso E-mail	TELEFONO	*Número Licencia FGA (de ser o caso)

### Datos NAVEGANTE

NOMBRE	1º APELLIDO	2º APELLIDO
DNI ou número de Identificación	ENDERESO	PAIS
Endereso E-mail	TELEFONO	*Número Licencia FGA (de ser o caso)

### Datos DO VEHICULO

Marca	Modelo	Cor	Ano
Compañía de seguro	Número de Póliza	Data Vencemento	Matrícula

### APARATO/s MEDIDOR/es (marcar, rodear ou subliñar cal)

<input type="checkbox"/> Sen medidor	<input type="checkbox"/> Medidor mecánico tipo bici	<input type="checkbox"/> Terratrip
<input type="checkbox"/> Avisador velocidade	<input type="checkbox"/> Regulador Velocidade	<input type="checkbox"/> Outro (especificar) _____

\*Nota: os campos deben estar TODOS debidamente cumprimentados, a escudería non se pode encargar de solicitar cada unha das informacións participante por participante.

Data e Sinatura do piloto ou copiloto en como declara ter lido o regulamento e acepta os seus termos  
(o regulamento particular está dispoñible na web [www.escuderiadonauraca.com](http://www.escuderiadonauraca.com)):

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2015.

Asinado: